





# Memoria de Actividades 2011



## **Federación Autismo Galicia**

Sede Social: Rúa Home Santo de Bonaval, 74

Centro de Formación e Recursos: Rúa Rodríguez de Viguri, 35

15703 Santiago de Compostela.

**T.** 981 589 365 **F.** 981 589 344

[info@autismogalicia.org](mailto:info@autismogalicia.org)

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

## índice

1. Autismo Galicia.

1. Apoio ao Colectivo

1. Comunicación e Organización

1. Emprego e Formación

1. Proxectos e Convenios.






**A**utismo **G**alicia (1995 – 2011)



Autismo Galicia é unha Federación de asociacións e entidades traballan especificamente con persoas con Trastorno do Espectro do Autismo, (TEA) e ás súas familias. É unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co número 95, declarada de utilidade pública por resolución de 18 de febreiro de 2003 e acollida ao réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado regulado na Lei 49/2002 de 23 de decembro.

Está constituída por 12 entidades e asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.



**Misión:** mellorar a calidade de vida das persoas con TEA e das súas familias. As destinatarias dos servizos da Federación son as entidades galegas que desenvolven o seu labor coas persoas con trastornos do espectro do autismo e coas súas familias, e que son membro da Federación.

**Autismo Galicia**, basea a súa actuación nos *principios* de transparencia informativa, participación, solidariedade, igualdade e de democracia interna.

Os *valores* que defende son:

- Consideración da persoa con TEA como suxeito con dereitos e deberes en igualdade de condicións ao resto das persoas.
- Calidade total nas entidades e servizos.
- Importancia da familia en todos os programas orientados á intervención coas persoas con TEA.

- o Necesidade de colaboración entre profesionais e familias para un funcionamento eficiente e de calidade das entidades.

A Federación persegue os seguintes *fins*:

- a) Servir de nexa de unión entre as distintas entidades e organizacións membros.
- b) Defender a dignidade e os dereitos das persoas con autismo.
- c) Coordinar cantas accións e iniciativas sexan precisas para a obtención de recursos a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, das Comunidades Europeas e doutros organismos e federacións estatais ou internacionais que redunden en beneficio das entidades e organizacións membros.
- d) Promover a integración social e a normalización das persoas con autismo.
- e) Fomentar actitudes sociais positivas cara ás persoas con autismo.
- f) Crear as condicións para que as asociacións membros poidan desenvolver servizos e programas que melloren a calidade de vida das persoas con autismo e as súas familias.
- g) Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade, promovendo unha imaxe común da federación.
- h) Ofrecer ás entidades membros servizos de asesoramento e desenvolver programas de formación para técnicos e familias.

#### Xunta Directiva

Presidente: Antonio de la Iglesia Soriano (Asociación Aspanaes)  
Vicepresidente: Cipriano Luis Jiménez Casas (Fundación Menela)  
Secretario: Fernando Domínguez González (Apa Castro Navás)  
Tesoureiro: José Antonio García Villar (Fundación Autismo Coruña)


### **Área Operativa**

#### Dirección

- ⇒ Área de Administración e Xestión.
- ⇒ Área de Apoio ao Colectivo.
- ⇒ Área de Comunicación e Organización.
- ⇒ Área de Emprego e Formación.
- ⇒ Área de Proxectos e Convenios.

Consultores externos: Algalia Sociedade Cooperativa.





A Federación Autismo Galicia forma parte das seguintes redes de representación institucional:

**Confederación Autismo España:** Confederación de Asociacións de Pais Protectoras de Persoas con Autismo do Estado Español. A misión de AUTISMO ESPAÑA é apoiar ao desenvolvemento das súas entidades membro e representar institucionalmente ao colectivo que agrupa, co propósito de mellorar a calidade de vida das persoas con TEA e das súas familias, garantindo o exercicio efectivo dos seus dereitos. Está constituída por 69 entidades.

**Autismo Europa:** Asociación Internacional cuxo obxectivo é traballar polos dereitos das persoas con autismo e ás súas familias, agrupa a 80 asociacións de 30 países europeos.

**CERMI Galicia:** Comité de representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia. A misión do CERMI DE GALICIA, establecida e asumida polas súas entidades membro, consiste en articular e vertebrar ó movemento social da discapacidade, para, desde a cohesión e a unidade do sector, e respectando sempre o pluralismo inherente a un

segmento social tan diverso, desenvolver unha acción política representativa en defensa dos dereitos e intereses das persoas con discapacidade e as súas familias. Está constituída por 8 federacións e fundacións.

**EAPN Galicia:** nace como resposta á necesidade de crear en Galicia unha ferramenta de intervención social capaz de elaborar estratexias que incidan nas políticas sociais desenvolvidas na Comunidade Autónoma. Esta integrada por 16 entidades e asociacións.





Apoio ao Colectivo





A Área de Apoio ao colectivo desenvolve programas destinados ás persoas con trastornos do espectro do autismo, familias e voluntariado. Dentro da mesma realízanse proxectos para o colectivo que buscan, como obxectivo final, mellorar a calidade de vida das persoas con TEA e ás familias, fomentando a inclusión social plena e satisfactoria a través de actividades adaptadas ás súas necesidades específicas e centradas nas persoa.

Durante o ano 2011 a Federación Galicia os seguintes programas:

⇒ ***Programa de información, asesoramento e orientación.***

⇒ ***Programa de atención e servizos para persoas con TEA.***

- Campamentos de Verán Autismo Galicia 2011.
- Campamentos de Verán e actividades de ocio, apoio ás asociacións.
- Actividades de inclusión social: apoio ás entidades.

⇒ ***Programa de Familias.***

- Traballo en rede e autoapoyo
- Respiro familiar: "Estancia corta en León".
- Respiro familiar, apoio ás asociacións.


⇒ ***Programa de Voluntariado.***

- Fomento e difusión do voluntariado cos TEA.
- Formación do voluntariado cos TEA.

## Programa de información, asesoramento e orientación

Dentro do apoio ao colectivo integramos tamén as accións de información, asesoramento e orientación tanto a familias como a calquera persoa que, por diversos motivos, solicite este apoio de Autismo Galicia.

Durante o ano 2011 a maioría das consultas formuladas por temáticas foron as seguintes.



## Programa de atención e servizos para persoas con TEA

O descanso que precisan as familias é un dereito ineludible, así como tamén o é que as persoas con TEA teñan un programa de vacacións variado, estruturado e guiado por profesionais con especialización e coñecemento das súas características persoais, gustos e necesidades.

A importancia do lecer, o acceso ao deporte ou ás actividades culturais, é crecente na sociedade actual pero, ademais de constituír un dereito no caso das persoas con TEA, o desenvolvemento deste tipo de actividades, supón a posibilidade de dar unha continuidade á intervención, aínda que cun enfoque lúdico.

Como obxectivos do programa, cuxas actividades principais foron os [campamentos de verán](#), destacamos:

- Acadar que as persoas con TEA participen na actividade de campamento de verán e que gocen de actividades, especialmente planificadas atendendo aos seus intereses e capacidades.
- Continuar a súa formación persoal a través da convivencia con outras persoas e da súa implicación activa nas tarefas domésticas e de autonomía persoal.
- Potenciar as habilidades sociais.
- Evitar que a persoa con TEA poida sufrir un retroceso si, durante as vacacións, se interrompe a liña terapéutica habitual.
- Ofrecer ás familias das persoas con TEA un servizo de apoio necesario para reducir o nivel de estrés.
- Axudar ás familias a que poidan atender mellor as necesidades afectivas do núcleo familiar.
- Ofrecer medidas de conciliación da vida familiar e laboral.

Co desenvolvemento das **actividades de inclusión social**, se busca mellorar o grao de autonomía persoal por medio da participación das persoas con TEA nos contornos sociais nos que se sitúan e, reivindicar, o acceso aos recursos sociais como cidadáns de pleno dereito.

- Participar nas actividades socioculturais da comunidade, evitando a exclusión.
- Fomentar o recoñecemento social cara ás capacidades das persoas con TEA.
- Promover a mellora da calidade de vida, a participación e o acceso ao ocio.

Ademais dentro das actividades de inclusión social, non nos esquecemos das familias e buscamos, con accións dirixidas a elas, favorecer a participación de forma igualitaria nos diferentes ámbitos que conforman a sociedade (económicos, legais, políticos, educativos, etc...).

- Desenvolver os servizos básicos de asesoramento xurídico para as familias.
- Xerar oportunidades de inserción no mercado laboral para coidadores/as que teñen ao seu cargo persoas con TEA, mediante a orientación e apoio existencial.
- Facilitar o desenvolvemento de habilidades sociolaborais dos coidadores/as desempregados/as con desexos de incorporarse ao mercado laboral.
- Ofrecer lugares de solución de conflito e soporte emocional e formación ás familias.

- Campamento de Verán 2011.
- Apoio aos campamentos das asociacións membro da Federación.
- Actividades de Inclusión Social

## *Campamento de Verán Autismo Galicia 2011.*

Albergue Alvarella, Vilamaior, Pontedeume, do 10 ao 24 de setembro.

Asistiron 28 persoas con TEA, 10 nenos/as e 18 mozos/as, atendidos por 28 monitores.

As actividades planificadas, son sempre adaptadas aos gustos e intereses dos participantes, respectando a súa individualidade, traballando ás capacidades das persoas e favorecendo, a través do ocio, a inclusión social das mesmas.



- Talleres de manualidades.
- Visita a parques temáticos
- Parques públicos.
- Cafeterías e restaurantes.
- Excursións e sendeirismo.
- Pícnics en espazos naturais.
- Praias e montaña.
- Piscina.
- Magostos.
- Festa de disfraces.

## *Campamento de Verán: Apoio ás asociacións.*

En apoio ás actividades de ocio das asociacións federadas, Autismo Galicia colaborou cos campamentos de verán e actividades de ocio desenvoltas ao longo do ano 2011 :

- Campamento de Verán agosto: "Camping os Fieitás". O Grove. Fundación Menela.
- Campamento de Verán agosto: Centro "A Braña", A Estrada. Asociación Apacaf.
- Viaxe a Sanxenxo. Asociación Apacaf.
- Campamento de Verán agosto: Centro a Penagrande, Moraña. Asociación Apacaf.
- Campamento de Verán xuño- xullo: Lugo e Silleda. Asociación Raiolas-Lugo.
- Campamento de Verán xullo-agosto: Centro Aspanaes As Pontes. Asociación Aspanaes.
- Campamento de Verán agosto: Camping O Muíño: Mougas Oia, Pontevedra. APA Mecos.

Os beneficiarios destas accións foron 128 persoas con TEA de toda Galicia e 417 familias.





### *Actividades de Inclusión Social: Apoio ás asociacións.*

A Federación Autismo Galicia, colaborou no desenvolvemento das actividades de inclusión social desenvoltas polas asociacións:

- Aspanaes, A Coruña
- Fundación Autismo Coruña
- Raiolas Lugo
- Autismo Ourense
- Fundación Menela, Vigo
- Fundación Tutelar Camiño do Miño, Vigo
- Apa Castro Navás, Vigo
- Apa Centro Educación Especial Menela, Vigo
- Apa Mecos, Vilanova de Arousa
- Apacaf, Vigo
- Autismo Vigo

Dende o 1 de xaneiro ao 30 de setembro, o total de beneficiarios foron 255 persoas con TEA e 153 familias.



Traballar con e para as familias é unha prioridade nas liñas de acción da Federación Autismo Galicia, mediante programas e proxectos que fomenten tanto a participación activa e directa das mesmas como outros que propicien o descanso e desenvolvemento persoal e social do núcleo familiar de xeito independente, mediante oferta de servizos de apoio.

Durante o ano 2011, dentro do programa de familias se desenvolveron proxectos destinados a:

- Traballo en rede e autoapoio.
- Respiro familiar Autismo Galicia: "estancia corta en León".
- Respiro familiar: apoio ás entidades.

### *Traballo en rede e autoapoio*

A través do traballo en rede, a Federación Autismo Galicia trata de crear foros de participación e formación que atendan ás necesidades específicas das familias, dende perspectivas e eidos complementarios aos que desenvolven ás entidades federadas. O noso proxecto trata de complementar, apoiar e abrir novos camiños de intervención.

O apoio pode e debe abordarse dende moi diversos ámbitos, un deles é a formación continua para mellorar a calidade de vida entendida esta dunha forma ampla, é dicir, formamos pero o facemos, dende á area de apoio ao colectivo, para fomentar o traballo en rede e o apoio mutuo, entendendo que é unha maneira de crear foros de debate, intercambio de experiencias, opinións...e xerar, desta maneira, fortalezas entre os participantes.

Dous son os proxectos que durante o ano 2011 fomentaron a participación das familias en accións formativas, un dirixido a nais e coidadoras de persoas con TEA e outra dirixida ao núcleo familiar.

- Acceso ás novas tecnoloxías: internet e redes sociais: "Taller: o uso de internet e os seus recursos: aprendemos a utilizalos".
- Formación en aplicacións informáticas no eido dos TEA: "xornadas de acceso ás novas tecnoloxías: aplicacións informáticas no eido dos TEA".

Taller: "O uso de internet e os seus recursos: aprendemos a utilizalos"

Desenvolveuse na cidade de Santiago de Compostela o 25 de outubro de 2011 e participaron 25 nais e cuidadoras de persoas con TEA da comarca.

O obxectivo desta acción formativa, enmarcada no proxecto de introdución á comunicación dixital, foi que as nais, familiares e/ou cuidadoras das persoas con TEA, accedan a actividades formativas de mellora do uso e tratamento das novas tecnoloxías, enfocado ao uso das redes sociais.



Xornadas de acceso ás novas tecnoloxías: aplicacións informáticas no eido dos TEA

Desenvolvéronse nas cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo e Vigo ao longo do mes de outubro, participaron un total de 91 persoas.

O obxectivo desta acción, enmarcada dentro do proxecto de desenvolvemento da aplicación informática FAGnet, foi formar ás familias na existencia e utilización dos recursos existentes en materia de aplicacións informáticas para unha mellora da intervención, no contexto familiar, cos seus fillos/as.



*Respiro Familiar Autismo Galicia: "estancia corta en León"*

Mediante o servizo de respiro familiar búscase dar resposta ás necesidades e demandas das persoas con TEA e das súas familias, pensando no descanso dos cuidadores principais e potenciando o desenvolvemento integral dos usuarios mediante a realización das actividades básicas da vida diaria, de habilidades sociais, da relación directa co entorno, actividades de lecer e tempo libre, etc.

Os nosos obxectivos:

- Ofrecer as familias un período de descanso moi necesario, para reducir a súa carga emocional e física á que se ven sometidos.
- Contribuír no sostemento do equilibrio emocional das familias.
- Conseguir que os rapaces gocen dun programa educativo, lúdico, socializador e integrador nas fins de semana .

Entre o 21 e o 26 de marzo, na Fundación Carriegos de León, Autismo Galicia desenvolveu a actividade "Estancia corta en León", nesta actividade participaron 10 persoas adultas con TEA, xunto con seis monitores da Federación e o persoal de apoio da Fundación Carriegos.

As actividades desenvoltas buscan axudar e contribuír á rehabilitación, reeducación e normalización das persoas con TEA, a través da equinoterapia, o traballo con cabalos e complementando con outras actividades que fomenten o desenvolvemento e autonomía persoal.



### *Respiro Familiar: Apoio ás asociacións.*

O servizo de respiro familiar de apoio ás asociacións se desenvolveu dende o 1 de xaneiro ao 30 de setembro e del se beneficiaron 216 familias e 72 persoas con TEA.

As actividades de respiro apoiadas pola Federación leváronse a cabo:

Centro A Braña, A Estrada Pontevedra, Asociación Apacaf.

Centro Residencial As Pontes. As Pontes de García Rodríguez, Asociación Aspanaes.

Centro Residencia Castro Navás, Nigrán. Fundación Menela.

Edificio CAMI, Vigo. Fundación Menela.

Cámpings: Aldán, Río Varosa, A Cañiza, Allariz, Termas Ourense, Aquapark Cerceda Asociación Autismo Vigo.





Na sociedade actual, as organizacións de voluntariado constitúen unha das bases para a creación da confianza social. Nestas entidades xéranse espazos de participación e desenvólvese unha labor fundamental en diversos ámbitos e para diversos colectivos, no noso caso, unha labor no ámbito das persoas con TEA.

No contexto actual, é así mesmo, onde a labor do voluntariado é fundamental e se converte no motor do cambio social. A participación de persoas voluntarias na acción de entidades como Autismo Galicia e asociacións que apoian e traballan con e para os colectivos máis vulnerables, é importantísima, tanto polo esforzo e traballo que achegan e que contribúe de forma esencial á consecución dos obxectivos das entidades, como polos valores que representan, incluíndo nestas un compoñente máis humano e vital e converténdose en canles de comunicación entre as organizacións e a sociedade e o voluntariado.

Durante o ano 2011, a Federación Autismo Galicia desenvolveu as seguintes accións:

- Fomento e difusión do Voluntariado cos TEA
- Formación do Voluntariado cos TEA


### *Fomento e Difusión do Voluntariado*

#### Novo espazo web para o rexistro de voluntarios.

A través deste novo rexistro calquera interesado pode entrar a formar parte da rede de voluntariado da Federación Autismo Galicia, nos programas que decida, e acceder a toda a documentación propia e legislativa en esta materia.

#### Congreso Estatal do Voluntariado

A Federación participou no XIV Congreso Estatal do Voluntariado durante o que se fixeron entrega dos Premios Nacionais do Voluntariado.



Autismo Galicia fixo unha labor de difusión sobre o traballo do voluntario coas persoas con Trastornos do Espectro do Autismo informando e apoiando con materiais propios dita acción.




### *Formación do Voluntariado nos TEA*

En colaboración coa Dirección Xeral de Voluntariado se organizou un curso de 20 horas, destinado a persoal técnico e voluntarios das entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia.

O Obxectivo desta acción formativa foi formar a persoas interesadas en adquirir coñecementos sobre voluntariado dirixido a persoas con TEA.

Número de beneficiarios: 25







Dende a Área de Comunicación e Organización desenvolvemos actividades destinadas a promover a presenza da Federación en determinados foros e eventos que favorezan a visibilidade da entidade e o traballo con outras organizacións, así como fomentar a participación de todos cantos integran a área directiva e operativa.

- Participación en foros e eventos
- Apoio ás entidades
- Difusión e sensibilización
- Novas Tecnoloxías: aplicacións para o colectivo

### *Participación en Foros e Eventos e Apoio ás asociacións*

Terceiro sector:

- Participación nas reunións e accións do CERMI Galicia.
- Participación nas reunións e accións da EAPN Galicia.
- Participación nas reunións e accións da Confederación Autismo España.

Representación Institucional:

- Participación nas reunións e eventos celebrados pola Consellería de Traballo e Benestar.
- Participación nas reunións e eventos celebrados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Participación nas reunións e eventos celebrados pola Consellería de Sanidade.
- Reunión e participación co Concello de Santiago de Compostela.
- Reunións e participación coa Deputación da Coruña.

Apoio ás entidades:

- Congreso Fundación Menela Repensar o Autismo.
- Inauguración das Unidades de Atención Temprá da Asociación Aspanaes.

Participación en jornadas e foros e outros eventos.



Firma de convenios: coa Deputación da Coruña; Consellería de Sanidade.

Xornadas Fundación Menela



Congreso Repensar o Autismo

Inauguración Unidade Atención Temperá Aspañaes



V Xornada Discapacidade e Educación

Durante o ano 2011 a Federación Autismo Galicia tivo, no programa de sensibilización e difusión unha liña prioritaria, o traballo no eido sanitario. Pero tampouco descoidamos ás liñas habituais de divulgación a través de publicacións e redes de comunicación.

### *Sensibilización e divulgación no eido Sanitario.*

O eido sanitario foi obxectivo prioritario de intervención nos últimos anos, dende a elaboración e publicación do Protocolo e Decálogo para Pacientes con Autismo, ata a elaboración de propostas novas, innovadoras e efectivas, que se desenvolveron durante o ano 2011 como foi a posta en marcha da tarxeta sanitaria dobre "AA", atención e acompañamento, ou o desenvolvemento de charlas informativas para o persoal do Servizo Galego de Saúde sobre o tratamento do paciente con TEA durante a atención hospitalaria.

A **tarxeta dobre "AA"**, é un concepto pioneiro que supón unha gran vantaxe para o paciente e os seus acompañantes. A partir da súa implantación, todas as familias de persoas con TEA poden solicitala obtendo vantaxes que buscan minimizar o impacto que supón a visita "ao médico", por exemplo, reducir os tempos de espera e con eles, as condutas que a ansiedade pode provocar no paciente, ou ben poder acompañar a este en probas médicas que ata o de agora debían afrontar sen a presenza da persoa de referencia.

A tarxeta sanitaria foi presentada e comezou a implantarse con ocasión do **Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo: 2 de abril**

Tramitación e presentación da tarxeta "AA"



Como actividade complementaria nos actos de celebración do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo, participamos como expertos no Foro "on line", a través da web do SERGAS: "O Experto responde". Unha profesional do equipo de orientación, valoración e diagnóstico da Asociación Aspanaes de A Coruña, xunto co doutor en neuropediatría Jesús Eiris Puñal, contestaron ás preguntas realizadas por cantos interesados participaron no Foro e relativas aos TEA.

Outro dos obxectivos principais nesta área de traballo foi a sensibilización e familiarización do persoal sanitario co paciente con TEA. Dar a coñecer a súa especificidade, as implicacións que na consulta poden ter, por exemplo, ás súas dificultades de comunicación ou cales son ás necesidades a ter en conta, tanto previas á consulta como durante ela ou en urxencias. Explicar como, de maneira sinxela e aplicando medios de comunicación alternativos, podemos contribuír a mellorar unha situación que case sempre é problemática para o paciente e para o profesional que o atende.

Sobre este obxectivo traballou o equipo técnico constituído por profesionais de intervención e diagnóstico das entidades da Federación e que deu como froito un documento que foi distribuído con ocasión da acción: **Diálogos con Pacientes**, que consistiu en charlas organizadas pola Escola Galega de Saúde para Cidadáns, destinados a profesionais do Servizo Galego de Saúde, medicina e enfermería, e impartidas polo equipo técnico da Federación Autismo Galicia.

En total impartíronse charlas nos 15 hospitais da rede galega do SERGAS ás que asistiron un total de 559 profesionais.



Comisión de Sanidade Autismo Galicia



Charla: hospital Teresa Herrera, A Coruña







## O Autismo nos medios

Os medios de comunicación constitúen un dos procedementos máis relevantes para a construción social da realidade. Teñen o poder para fabricar unha imaxe positiva ou negativa de calquera cuestión referente aos seres humanos ou calquera outra dimensión da realidade social. A cuestión do autismo non escapa a este proceso de construción social.

En moitas ocasións vemos que os medios de comunicación, favorecen unha perspectiva do autismo que non adoita estar en consonancia coa realidade, que transmite unha imaxe errónea ou negativa dos TEA o que axuda a perpetuar estereotipo, prexuízos e falsas crenzas.

Durante o ano 2011 a Federación Autismo Galicia, traballou, en colaboración con CERMI Galicia e a Secretaría Xeral de Medios, na elaboración dun documento de recomendacións para o tratamento axeitado da discapacidade nos medios de Comunicación, achegando información propia sobre o tratamento da información sobre o autismo e as persoas que teñan un trastorno do espectro do autismo.

O documento elaborado presentouse nunha xornada para os medios de comunicación.



I Xornada a Discapacidade nos medios de comunicación

## *"Maremagnum, publicación galega sobre os trastornos do espectro do autismo".*

Maremagnum, é unha publicación de referencia no noso colectivo, no ano 2011 a edición número 15: "repensar o autismo", recolleu, como cada ano, artigos de importantes persoeiros relacionados cos TEA, así como da cultura galega que apoian e enriquecen a publicación coas súas achegas.

O obxectivo da publicación e facer divulgación, formación, sensibilización e constituír un documento de colección especializado, accesible a calquera persoa.

Na edición do ano 2011 publicamos os seguintes artigos:

- *Xenética dos Trastornos do Espectro do Autismo:* Ángel Carracedo Álvarez. Director da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, Catedrático de Medicina Legal e Director do Instituto de Medicina Legal de Santiago de Compostela, Director do Centro Nacional de Xenotipado, membro de CIBERER.
- *Autismo e Intervención: que sabemos?* Giacomo Vivanti. Doutor en Psicoloxía e investigador na Escola de Ciencias Psicológicas da Universidade de La Trobre, Melbourne.
- *Programa para a atención médica integral aos trastornos do espectro do autismo: programa AMI-TEA.* Leticia Boada Muñoz. Psicóloga na Unidade de Adolescentes do Gregorio Marañón, Programa AMI-TEA. Investigadora na atención médica integral á poboación con TEA.
- *Planificar a atención das persoas maiores con discapacidade (autismo) e dependencia:* Patricia Olveira Timiraos. Subdirección Xeral de Autorización e Inspección. Xunta de Galicia.
- *Creando lugares para vivir.* Pura Díaz Veiga. Psicóloga investigadora do Instituto Xerontolóxico Matía de Madrid.
- *Tendendo pontes:* Iria Antuña Domínguez, Victoria González Arias, Amanda Lago Cabaleiro, Amparo Maquieira Prieto, Lourdes Martín Lorenzo, Pedro Martínez Iglesias, Berta Meijide Rico, M<sup>a</sup> Antonia Paz Jiménez, Susana Rodríguez Blanco; Bibiana Rodríguez Casal, Ana Rodríguez Díaz. Profesores/as do equipo educativo do Centro de Educación Especial Menela.
- *Autismo e dereitos:* José Antonio Seoane Rodríguez. Profesor titular de Filosofía do Dereito. Universidade da Coruña.
- *O estigma na discapacidade:* reflexo e evolución na literatura e na publicidade. Alicia Díaz Balado. Profesora da Facultade de Ciencias da Educación da USC.
- *O sufrimento dos nenos, o mal e Deus:* Andrés Torres Queiruga. Membro da Real Academia Galega.
- *Manuel Antonio, enfermo de horizontes:* Xosé Luis Axeito Agrelos. Membro da Real Academia Galega.

## Novas Tecnoloxías: Aplicacións específicas


Potenciar a calidade e eficiencia do traballo realizado dende a Federación Autismo Galicia e as entidades asociadas, mediante a implantación de novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación, contribuíndo así a mellorar a calidade de vida das persoas con trastornos do espectro do autismo e das súas familias, é un dos obxectivos para o desenvolvemento do proxecto "Equipos de Procesos de Información", iniciado no ano 2009 e que rematou no ano 2011 co desenvolvemento e implementación da aplicación informática FAGnet.

FAGnet, configúrase como unha ferramenta para a xestión eficaz de entidades como a Federación Autismo Galicia e ás súas entidades, dado que foi deseñada baseándose nun estudo de necesidades específicas e co fin de dar resposta ás mesmas. Esta aplicación permite xestionar en rede todo o proceso informativo e comunicativo das entidades, xestionar fondos, axudas e incluso ter una base de datos compartida de persoas e usuarios/as.











A Federación Autismo Galicia desenvolve programas destinados a mellorar as posibilidades de inserción laboral das persoas con TEA, así como asesorar e informar ás entidades asociadas acerca dos programas de emprego, de financiamento público que mellor se axusten as súas necesidades e posibilidades.

Estes programas desenvólvense polos axentes de emprego e orientador/a laboral.

Durante o ano 2011 a Federación realizou os seguintes programas e actuacións:

- Servizo de emprego e orientación laboral
- Campaña de inscrición no Servizo Público de Emprego
- Difusión, sensibilización e prospección de empresas.
- Programa de habilidades sociais para persoas con TEA.
- Publicacións específicas de emprego.

### *Servizo de Emprego e Orientación Laboral.*

Servizo de emprego e orientación laboral. A través deste servizo realizáronse actividades de información, orientación e busca de emprego dirixido a persoas en situación de desemprego, derivados do Servizo Público de Emprego, no período comprendido entre o 15 de setembro e o 31 de decembro.

O total de beneficiarios do servizo foron 59 persoas.

### *Campaña de Inscrición no Servizo Público de Emprego.*

Co obxectivo de mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas con TEA, promoveuse a inscrición destas, como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego. Un total de 6 persoas están neste momento inscritas.

## *Difusión, Sensibilización e Prospección de Empresas.*

Coa campaña de difusión e sensibilización no contorno empresarial, realizáronse campañas de prospección de empresas a través das que se facilitou información ao tecido empresarial sobre as posibilidades de inserción laboral das persoas con TEA e sobre os incentivos existentes para fomentar a súa contratación, incentivos tanto económicos como éticos e de valor engadido.

Dentro do tecido empresarial, os sectores de actividades cos que se estableceu un maior contacto, foron; sector alimentación, centros e residencias, mensaxería e xardinería.

## *Programa de Habilidades Sociais para Persoas con TEA .*

Este programa ten como obxectivo acadar unha mellora nas posibilidades de integración sociolaboral das persoas con TEA traballando as súas competencias sociais e laborais.

A través deste programa, desenvolto no Centro de Día e Residencial Castro Navás, 10 persoas con TEA adquiriron competencias sociais e laborais para acadar unha mellora nas súas posibilidades de integración sociolaboral. O programa articulouse en dous bloques; habilidades persoais e habilidades sociais.

## *Programa de Emprego con Apoio.*

No mes de xuño asinouse, por segundo ano consecutivo, un convenio de colaboración entre a Federación Autismo Galicia, a Fundación Menela e a empresa Carrefour Vigo II, o cal permitiu a unha persoa con TEA realizar prácticas formativas nun entorno ordinario de traballo. Durante os meses de xullo e agosto , e cunha xornada laboral de 6 horas semanais, un usuario do Centro Castro Navás, acompañado por unha axente de emprego, desenvolveu as funcións propias do posto base téxtil; un conxunto de tarefas significativas e funcionais



que lle permitiron adquirir e desenvolver competencias laborais, así como mellorar as súas habilidades sociais e comunicativas a través da metodoloxía do emprego con apoio.

## *Publicacións Específicas de Emprego.*

**“Manual do/a Preparador/a Laboral”.** Este manual elabórase co obxectivo de favorecer a inclusión sociolaboral e contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas con TEA, constituíndo o /a preparador/a laboral unha peza clave, dado que será a figura que proporcione un apoio constante e acompañe á persoa ao longo de todo o proceso, co obxectivo último de que teña a oportunidade de lograr unha vida adulta e independente.

O manual centrase no emprego con apoio facendo un percorrido polas diferentes fases e recollendo as principais funcións e principios que debe ter presente o/a preparadora/laboral en cada unha delas, así como as competencias que deba posuír para o axeitado desenvolvemento das súas funcións.



### MANUAL DO/A PREPARADOR/A LABORAL

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA



## Programa de Formación

Autismo Galicia desenvolve actividades formativas variadas tanto para o colectivo como para todas as persoas interesadas nos TEA ou persoas en situación de desemprego.

Este área participa na organización e desenvolvemento das accións formativas integradas nos proxectos das outras áreas de traballo da Federación e ademais desenvolve accións diferenciadas.

Durante o ano 2011 as actividades formativas desenvoltas foron:

Cursos AFD, Actividades Formativas para Desempregados, cuxo obxectivo é mellorar as posibilidades de inserción laboral de persoas en situación de desemprego, inscritas no Servizo Público de Emprego.

## **Curso Coidador de Discapacitados Físicos e Psíquicos.**

Este curso tivo como obxectivo formar a profesionais capacitados para realizar, dunha forma autónoma e responsable, as funcións inherentes ao posto de coidador de persoas con discapacidade física e psíquica.

Realizouse de setembro a novembro, cunha duración de 218, e un total de 15 beneficiarios.

## **Curso de Preparador Laboral Especialista nos TEA e outras Discapacidades**

O obxectivo do curso foi formar a profesionais que guíen o proceso de inclusión laboral das persoas con discapacidade.

Realizouse de setembro a novembro de 2011, cunha duración de 218 horas, e un total de 15 alumnos.




## **Curso de Monitor de Ocio e Tempo Libre para Persoas con TEA**

Os beneficiarios directos da actividade formativa foron as 13 persoas preseleccionadas para os postos de monitores nos campamentos de verán desenvolto dentro do programa de ocio e respiro familiar.

As 75 horas de teoría abrangueron temáticas como: pedagogía do ocio e tempo libre, ocio para persoas con TEA, técnicas de dinamización e participación.

As 75 horas prácticas se desenvolveron nos campamentos de verán da Federación.





**Proxectos**

**Convenios**





No exercicio 2011 traballouse en proxectos de:

- Ocio e Tempo de Libre.
- Respiro Familiar.
- Sensibilización.
- Inclusión Social.
- Formación.
- Emprego.
- Novas tecnoloxías.
- Mantemento e desenvolvemento dos servizos.

Para o desenvolvemento destes proxectos contamos coas seguintes colaboracións:



#### Consellería de Traballo e Benestar

Convenio para promover a atención das persoas con TEA e ás súas familias.

- 35.000 €

Convenio de mantemento da Federación.

- 78.280€

Actividades de voluntariado

- 1.312,25 €

Curso de Formación para o  
emprego: Preparador laboral  
especialista en TEA

- 28.708,50 €

Curso de Formación para o  
emprego: Coidador de  
Discapacitados Psíquicos e  
Físicos

- 29.199,00 €

Programas de Cooperación

- 67.422,24 €

Axentes de Emprego

- 53.461,92 €

Servizo Galego de  
Colocación

- 12.335,55 €



#### Consellería de Sanidade

Convenio para desenvolvemento de actividades de información e  
sensibilización no entorno sanitarios

- 13.500 €



## Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

Servicios de respiro  
○ 8.000 €



### Deputación da Coruña

Servicios de respiro  
○ 10.482,41 €

### Deputación da Coruña

Convenio desenvolvemento  
novos módulos FAGnet  
○ 62.000;00 €



### Concello de Santiago de Compostela Fomento Asociativo e Defensa da Muller



○ 1.425,00 €



### Obra Social "la Caixa" Formación, Ocio e Respiro Familiar

○ 1.200,00 €



## Memoria de Recursos Humanos.




# Memoria de Económica

## Ingresos

### Orixe dos Ingresos



### Evolución de ingresos



## Gastos

